18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach.].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Medidas ordinarias e extraordinarias

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none">• Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.<ul style="list-style-type: none">a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.a) Espazos diferenciados.b) Materiais e recursos didácticos diferenciados.• Desdoblamento de grupos.• Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.	<ul style="list-style-type: none">• Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.• Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.• Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.• Programa específico para alumnado repetidor da materia.• Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.

Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> • Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL. • De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro). • De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro). • Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións curriculares na materia. • De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia. • Alumnado con flexibilización na escolarización. • Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

No presente curso colaboramos en distintas actividades complementarias e extraescolares pero ningunha a desenvolve ou organiza directamente o departamento. Temos pendente o tema da participación no Canguro Matemático, se hai alumnos interesados en participar, claro.

**CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO
REY GARCÍA**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
MATEMÁTICAS ORIENTADAS
ÁS ENSEÑANZAS APLICADAS**

DEPARTAMENTO: MATEMÁTICAS

CURSO: 4º ESO

AÑO ACADÉMICO: 2021/22

1. CONTEXTO

Alumnado con NEAE no curso actual

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo, é aquel que require, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar: necesidades educativas especiais (NEE), dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Alumnado escolarizado con NEAE en 4º da ESO: Temos que aplicar un Protocolo TDAH a un alumno que cursa as matemáticas orientadas as ensinanzas aplicadas e a outro neno con necesidades educativas especiais, dificultade de visión conta con mesa propia e a súa lupa.

Neste curso, contamos con 22 alumnos en 4º ESO, dos cales 9 alumnos elixen a opción de Matemáticas orientadas as ensinanzas Académicas e 13 elixen a opción de Matemáticas orientadas as ensinanzas Aplicadas. Neste curso temos un alumno coa materia pendente.

2. Obxectivos (adaptados ao contexto do centro e do alumnado)

a	Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
b	Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
c	Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller
d	Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos
e	Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
f	Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
g	Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
h	Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
i	Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
l	Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m	Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
n	Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
ñ	Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
o	Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófono

3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.

Definimos as diferentes unidades didácticas tal como se indica a continuación. Os contidos de cada unidade son os que se sinalan na táboa, e están tomados do Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

- Unidade 1: Números reais
- Unidade 2: Proporcionalidade e problemas financeiros
- Unidade 3: Polinomios
- Unidade 4: Ecuacións e sistemas de ecuacións
- Unidade 5: Xeometría do plano e do espacio
- Unidade 6: Funcións
- Unidade 7: Funcións polinómicas, racionais e exponenciais
- Unidade 8: Estatística
- Unidade 9: Probabilidade

Unidade didáctica	1ª Avaliación Identificación do Contido (Segundo se recolle no Decreto 86/2015, do 25 de xuño)	Temporalización aproximada de finalización dos contidos
1	B2.1. Recoñecemento de números que non poden expresarse en forma de fracción. Números irracionais. B2.2. Diferenciación de números racionais e irracionais. Expresión decimal e representación na recta real. B2.3. Xerarquía das operacións. B2.4. Interpretación e utilización dos números reais e as operacións en diferentes contextos, elixindo a notación e precisión máis axeitadas en cada caso. B2.5. Utilización da calculadora e ferramentas informáticas para realizar operacións con calquera tipo de expresión numérica. Cálculos aproximados. B2.6. Intervalos. Significado e diferentes formas de expresión.	Finais setembro (3 semanas)
2	B2.7. Proporcionalidade directa e inversa. Aplicación á resolución de problemas da vida cotiá. B2.8. Porcentaxes na economía. Aumentos e diminucións porcentuais. Porcentaxes sucesivas. Interese simple e composto.	Finais outubro (4 semanas)
3	B2.9. Polinomios: raíces e factorización. Utilización de identidades notables.	Finais novembro (4 semanas)

Unidade didáctica	2ª Avaliación Identificación do Contido (Segundo se recolle no Decreto 86/2015, do 25 de xuño)	Temporalización aproximada de finalización dos contidos
4	B2.10. Resolución de ecuacións e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas. B2.11. Resolución de problemas cotiáns mediante ecuacións e sistemas.	Mediados xaneiro (4 semanas)
5	B3.1. Figuras semellantes. B3.2. Teoremas de Tales e Pitágoras. Aplicación da semellanza para a obtención indirecta de medidas. B3.3. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de figuras e corpos semellantes. B3.4. Resolución de problemas xeométricos no mundo físico: medida e cálculo de lonxitudes, áreas e volumes de diferentes corpos. B3.5. Uso de aplicacións informáticas de xeometría dinámica que facilite a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas.	Mediados febreiro (3 semanas)
6	B4.1. Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, unha gráfica ou unha expresión analítica. B4.3. Taxa de variación media como medida da variación dunha función nun intervalo.	Mediados marzo (4 semanas)

Unidade didáctica	3ª Avaliación Identificación do contido e Contido (Segundo se recolle no Decreto 86/2015, do 25 de xuño)	Temporalización aproximada de finalización dos contidos
7	B4.2. Estudo de modelos funcionais: lineal, cuadrático, proporcionalidade inversa e exponencial. Descrición das súas características, usando a linguaxe matemática apropiada. Aplicación en contextos reais. B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.	Mediados abril (3 semanas)
8	B5.1. Análise crítica de táboas e gráficas estatísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.). B5.2. Interpretación, análise e utilidade das medidas de centralización e dispersión. B5.3. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión. B5.4. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introducción á correlación. B5.8. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos.	Mediados maio (4 semanas)
9	B5.5. Azar e probabilidade. Frecuencia dun suceso aleatorio. B5.6. Cálculo de probabilidades mediante a Regra de Laplace. B5.7. Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes. Diagrama en árbore.	Principios xuño (3 semanas)

4.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción de estándares de aprendizaxe, grao mínimo de consecución e instrumentos de avaliación.

Unidade didáctica	1ª Avaliación Identificación do estándar e Estándar de aprendizaxe (Segundo se recolle no Decreto 86/2015, do 25 de xuño)	Peso específico do estándar	Instrumentos de avaliación			Competencias clave
			Proba escrita	Traballo individual	Observacións na clase	
1	MAPB2.1.1. Recoñece os tipos de números (naturais, enteiros, racionais e irracionais), indica o criterio seguido para a súa identificación, e utilízalos para representar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	1.8%	X	X	X	CMCCT
	MAPB2.1.2. Realiza os cálculos con eficacia, mediante cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou ferramentas informáticas, e utiliza a notación máis axeitada para as operacións de suma, resta, produto, división e potenciación.	1.8%	X	X	X	CMCCT
	MAPB2.1.3. Realiza estimacións e vulga se os resultados obtidos son razoables.	1.8%	X	X	X	CMCCT
	MAPB2.1.4. Utiliza a notación científica para representar e operar (produtos e divisións) con números moi grandes ou moi pequenos.	1.8%	X	X	X	CMCCT
	MAPB2.1.5. Compara, ordena, clasifica e representa os tipos de números reais, intervalos e semirrectas, sobre a recta numérica.	1.8%	X	X	X	CMCCT
2	MAPB2.1.6. Aplica porcentaxes á resolución de problemas cotiáns e financeiros, e valora o emprego de medios tecnolóxicos cando a complexidade dos datos o requira.	1.8%	X	X	X	CMCCT
	MAPB2.1.7. Resolve problemas da vida cotiá nos que interveñen magnitudes directa e inversamente proporcionais.	1.8%	X	X	X	CMCCT
3	MAPB2.2.1. Exprésas e con eficacia, facendo us o da linguaxe alxébrica.	1.8%	X	X	X	CMCCT
	MAPB2.2.2. Realiza operacións de suma, resta, produto e división de polinomios, e utiliza identidades notables.	1.8%	X	X	X	CMCCT
	MAPB2.2.3. Obtén as raíces dun polinomio e factorízao, mediante a aplicación da regra de Ruffini.	1.8%	X	X	X	CMCCT

Unidade didáctica	2ª Avaliación Identificación do estándar e Estándar de aprendizaxe (Segundo se recolle no Decreto 86/2015, do 25 de xuño)	Peso específico do estándar	Instrumentos de avaliación			Competencias clave
			Proba escrita	Traballo individual	Observacións na clase	
4	MAPB2.3.1. Formula alxebricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro e segundo grao e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas, resólveas e interpreta o resultado obtido.	1.8%	X	X	X	CMCCT
	MAPB1.6.1 Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese	3.3%	X	X	X	CMCCT CSC
5	MAPB3.1.1. Utiliza instrumentos, fórmulas e técnicas apropiados para medir ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos e de figuras xeométricas, interpretando as escalas de medidas.	4%	X	X	X	CMCCT
	MAPB3.1.2. Emprega as propiedades das figuras e dos corpos (simetrías, descomposición en figuras máis coñecidas, etc.) e aplica o teorema de Tales, para estimar ou calcular medidas indirectas.	4%	X	X	X	CMCCT
	MAPB3.1.3. Utiliza as fórmulas para calcular perímetros, áreas e volumes de triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas, e aplícaa para resolver problemas xeométricos, asignando as unidades correctas.	4%	X	X	X	CMCCT
	MAPB3.1.4. Calcula medidas indirectas de lonxitude, área e volume mediante a aplicación do teorema de Pitágoras e a semellanza de triángulos.	4%	X	X	X	CMCCT
	MAPB3.2.1. Representa e estuda os corpos xeométricos máis relevantes (triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) cunha aplicación informática de xeometría dinámica, e comproba as súas propiedades xeométricas.	4%		X	X	CMCCT
	MAPB1.12.4 Emplea ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas	3.3%		X	X	CD CSC CSIEE
6	MAPB4.1.1. Identifica e explica relacións entre magnitudes que se poden describir mediante unha relación funcional, asociando as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas.	1.8%	X	X	X	CMCCT
	MAPB4.1.3. Identifica, estima ou calcula elementos característicos destas funcións (cortes cos eixes, intervalos de crecemento e decrecemento, máximos e mínimos, continuidade, simetrías e periodicidade).	1.8%	X	X	X	CMCCT
	MAPB4.1.4. Expresa razoadamente conclusións sobre un fenómeno, a partir da análise da gráfica que o describe ou dunha táboa de valores.	1.8%	X	X	X	CMCCT
	MAPB4.1.5. Analiza o crecemento ou o decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media, calculada a partir da expresión alxébrica, unha táboa de valores ou da propia gráfica.	1.8%	X	X	X	CMCCT
	MAPB4.2.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos sobre diversas situacións reais.	1.8%	X	X	X	CMCCT
	MAPB4.2.2. Representa datos mediante táboas e gráficos, utilizando eixes e unidades axeitadas.	1.8%	X	X	X	CMCCT
	MAPB4.2.3. Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica e sinala os valores puntuais ou intervalos da variable que as determinan, utilizando tanto lapis e papel como medios informáticos.	1.8%	X	X	X	CMCCT

Unidade didáctica	3ª Avaliación Identificación do estándar e Estándar de aprendizaxe (Segundo se recolle no Decreto 86/2015, do 25 de xuño)	Peso específico do estándar	Instrumentos de avaliación			Competencias clave
			Proba escrita	Traballo individual	Observacións na clase	
7	MAPB4.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcional inversa e exponencial.	1.8%	X	X	X	CMCCT
	MAPB4.1.6. Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas: lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa e exponenciais.	1.8%	X	X	X	CMCCT
	MAPB4.2.4. Relaciona táboas de valores e as súas gráficas correspondentes en casos sinxelos, e xustifica a decisión.	1.8%	X	X	X	CMCCT
	MAPB4.2.5. Utiliza c on destreza elementos tecnolóxicos específicos para debuxar gráficas.	1.8%		X	X	CMCCT
	MAPB1.6.2 Establece conexión entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema e os problemas matemáticos que subyacen nel	3.3%	X	X	X	CMCCT CSIEE
	MAPB1.11.1 Selecciona ferramentas tecnolóxicas idóneas e utilizaas para a realización de cálculos numéricos, alxebraicos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou desaconsexe facelos manualmente	3.3%		X	X	CMCCT CD
8	MAPB5.1.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística.	2%	X	X	X	CCL CMCCT
	MAPB5.1.2. Formula e comproba conxecturas sobre os resultados de experimentos aleatorios e simulacións.	2%	X	X	X	CMCCT
	MAPB5.1.3. Emprega o vocabulario axeitado para interpretar e comentar táboas de datos, gráficos estatísticos e parámetros estatísticos.	2%	X	X	X	CMCCT
	MAPB5.1.4. Interpreta un estudo estatístico a partir de situacións concretas próximas.	2%	X	X	X	CMCCT
	MAPB5.2.1. Discrimina se os datos rec ollidos nun estudo estatístico corresponden a unha variable discreta ou continua.	2%	X	X	X	CMCCT
	MAPB5.2.2. Elabora táboas de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables discretas e c ontinuas.	2%	X	X	X	CMCCT
	MAPB5.2.3. Calcula os parámetros estatísticos (media aritmética, percorrido, desviación típica, cuartís, etc.), en variables discretas e continuas, coa axuda da calculadora ou dunha folla de cálculo.	2%	X	X	X	CMCCT
	MAPB5.2.4. Representa graficamente datos estatísticos recollidos en táboas de frecuencias, mediante diagramas de barras e histogramas.	2%	X	X	X	CMCCT
	MAPB1.8.4 Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto cos hábitos de plantexar e plantearse, e buscar respostas axeitadas, tanto no estudio dos conceptos coma na resolución de problemas.	3.3%		X	X	CMCCT CAA CCEC
9	MAPB5.1.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística.	2%	X	X	X	CCL CMCCT
	MAPB5.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace e utiliza, especialmente, diagramas de árbore ou táboas de continxencia para o relato de casos.	2%	X	X	X	CMCCT
	MAPB5.3.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos nos que interveñan dúas experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas.	2%	X	X	X	CMCCT
	MAPB1.4.2. Planteáanse novos problemas, a partir dun resolto, variando os datos, propoñendo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese e establecendo conexión entre o problema e a realidade	3.3%	X	X	X	CMCCT CAA

Relación dos estándares de aprendizaxe cos seus mínimos esixibles

Estándar de aprendizaxe	Mínimo esixible
MAPB2.1.1. Recoñece os tipos de números (naturais, enteiros, racionais e irracionais), indica o criterio seguido para a súa identificación, e utilízalos para representar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	Recoñece os tipos de números e indica o criterio seguido para a súa identificación
MAPB2.1.2. Realiza os cálculos con eficacia, mediante cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou ferramentas informáticas, e utiliza a notación máis axeitada para as operacións de suma, resta, produto, división e potenciación.	Realiza os cálculos mediante algoritmos de lapis e papel
MAPB2.1.3. Realiza estimacións e xulga se os resultados obtidos son razoables.	Realiza estimacións e os resultados obtidos son razoables
MAPB2.1.4. Utiliza a notación científica para representar e operar (produtos e divisións) con números moi grandes ou moi pequenos.	Utiliza a notación científica para representar números moi grandes ou moi pequenos
MAPB2.1.5. Compara, ordena, clasifica e representa os tipos de números reais, intervalos e semirectas, sobre a recta numérica.	Compara e representa os números reais sobre a recta numérica
MAPB2.1.6. Aplica porcentaxes á resolución de problemas cotiáns e financeiros, e valora o emprego de medios tecnolóxicos cando a complexidade dos datos o requira.	Aplica porcentaxes á resolución de problemas cotiáns
MAPB2.1.7. Resolve problemas da vida cotiá nos que interveñen magnitudes directa e inversamente proporcionais.	Resolve problemas da vida cotiá nos que interveñen magnitudes directamente proporcionais
MAPB2.2.1. Exprésase con eficacia, facendo uso da linguaxe alxébrica.	Exprésase con eficacia facendo uso da linguaxe alxébrica
MAPB2.2.2. Realiza operacións de suma, resta, produto e división de polinomios, e utiliza identidades notables.	Realiza operación de suma, resta, produto e división de polinomios
MAPB2.2.3. Obtén as raíces dun polinomio e factorízao, mediante a aplicación da regra de Ruffini.	Obtén ás raíces dun polinomio
MAPB2.3.1. Formula alxebricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro e segundo grao e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas, resólveas e interpreta o resultado obtido.	Formula alxebricamente unha situación da vida real mediante ecuación de primeiro e segundo grao
MAPB1.6.1 Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese	Identifica situación problemáticas da realidade
MAPB3.1.1. Utiliza instrumentos, fórmulas e técnicas apropiados para medir ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos e de figuras xeométricas, interpretando as escalas de medidas.	Utiliza instrumentos, fórmulas e técnicas apropiadas para medir ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos
MAPB3.1.2. Emprega as propiedades das figuras e dos corpos (simetrías, descomposición en figuras máis coñecidas, etc.) e aplica o teorema de Tales, para estimar ou calcular medidas indirectas.	Emprega as propiedades das figuras e dos corpos
MAPB3.1.3. Utiliza as fórmulas para calcular perímetros, áreas e volumes de triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas, e aplícaa para resolver problemas xeométricos, asignando as unidades correctas.	Utiliza as fórmulas para calcular perímetros, áreas e volumes de triángulos rectángulos, círculos, prismas, pirámides cilindros conos e esferas
MAPB3.1.4. Calcula medidas indirectas de lonxitude, área e volume mediante a aplicación do teorema de Pitágoras e a semellanza de triángulos.	Calcula medidas indirectas de lonxitude, área e volumen mediante o teorema de Pitágoras
MAPB3.2.1. Representa e estuda os corpos xeométricos máis relevantes (triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) cunha aplicación informática de xeometría dinámica, e comproba as súas propiedades xeométricas.	Representa e estuda os corpos xeométricos máis relevantes cunha aplicación informática
MAPB1.12.4 Emplea ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas	Emplea ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas
MAPB4.1.1. Identifica e explica as relacións entre magnitudes que se poden describir mediante unha relación funcional, asociando as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas.	Identifica e explica relación entre magnitudes que se poden describir mediante unha relación funcional
MAPB4.1.3. Identifica, estima ou calcula elementos	Identifica, estima ou calcula elementos característicos

características destas funcións (cortes cos eixes, intervalos de crecemento e decrecemento, máximos e mínimos, continuidade, simetrías e periodicidade).	destas función: cortes cos eixes e intervalos de crecemento e decrecemento
MAPB4.1.4. Expresa razoadamente conclusións sobre un fenómeno, a partir da análise da gráfica que o describe ou dunha táboa de valores.	Expresa razoadamente conclusión sobre un fenómeno a partir da análise gráfica
MAPB4.1.5. Analiza o crecemento ou o decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media, calculada a partir da expresión alxébrica, unha táboa de valores ou da propia gráfica.	Analiza o crecemento ou decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media calculada a partir dunha táboa de valores
MAPB4.2.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos sobre diversas situacións reais.	Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos sobre diversas situacións
MAPB4.2.2. Representa datos mediante táboas e gráficos, utilizando eixes e unidades axeitadas.	Representa datos mediante táboas e gráficos utilizando eixes
MAPB4.2.3. Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica e sinala os valores puntuais ou intervalos da variable que as determinan, utilizando tanto lapis e papel como medios informáticos.	Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica e sinala os valores puntuais ou intervalos da variable
MAPB4.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcional inversa e exponencial.	Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal e cuadrática
MAPB4.1.6. Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas: lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa e exponenciais.	Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas lineais e cuadráticas
MAPB4.2.4. Relaciona táboas de valores e as súas gráficas correspondentes en casos sinxelos, e xustifica a decisión.	Relaciona táboas de valores e as súas gráficas correspondentes en casos sinxelos.
MAPB4.2.5. Utiliza con destreza elementos tecnolóxicos específicos para debuxar gráficas.	Utiliza con destreza elementos tecnolóxicos para debuxar gráficas
MAPB1.6.2 Establece conexión entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema e os problemas matemáticos que subyacen nel	Establece conexión entre un problema do mundo real e o mundo matemático
MAPB1.11.1 Selecciona ferramentas tecnolóxicas idóneas e utilizaas para a realización de cálculos numéricos, alxebraicos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou desaconsexe facelos manualmente	Selecciona ferramentas tecnolóxicas e utilizaas para a realización de cálculos numéricos
MAPB5.1.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística.	Utiliza un vocabulario axeitado para describir situacións relacionadas co azar
MAPB5.1.2. Formula e comproba conxecturas sobre os resultados de experimentos aleatorios e simulacións.	Formula conxecturas sobre os resultados de experimentos aleatorios e simulacións
MAPB5.1.3. Emprega o vocabulario axeitado para interpretar e comentar táboas de datos, gráficos estatísticos e parámetros estatísticos.	Emprega o vocabulario axeitado para interpretar táboas de datos, gráficos estatísticos e parámetros estatísticos
MAPB5.1.4. Interpreta un estudo estatístico a partir de situacións concretas próximas.	Interpreta un estudo estatístico a partir de situacións concretas
MAPB5.2.1. Discrimina se os datos recollidos nun estudo estatístico corresponden a unha variable discreta ou continua.	Discrimina se os datos recollidos nun estudo estatístico corresponden a unha variable discreta ou continua
MAPB5.2.2. Elabora táboas de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables discretas e continuas.	Elabora táboas de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico con variables discretas e continuas
MAPB5.2.3. Calcula os parámetros estatísticos (media aritmética, percenxil, desviación típica, cuantís, etc.), en variables discretas e continuas, coa axuda da calculadora ou dunha folla de cálculo.	Calcula os parámetros estatísticos en variables discretas e continuas, coa axuda da calculadora
MAPB5.2.4. Representa graficamente datos estatísticos recollidos en táboas de frecuencias, mediante diagramas de barras e histogramas.	Representa graficamente datos estatísticos recollidos en táboas de frecuencias, mediante diagramas de barras
MAPB1.8.4 Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto cos hábitos de plantexar e plantearse, e buscar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas.	Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto cos hábitos de plantexar e buscar respostas axeitadas.
MAPB5.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace e utiliza, especialmente, diagramas de árbore ou táboas de contaxe para o recuento de casos.	Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace
MAPB5.3.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos nos que interveñan dúas experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas.	Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos nos que interveñan dúas experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas

MAPB1.4.2. Planteáanse novos problemas, a partir dun resolto, variando os datos, propoñendo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese e establecendo conexión entre o problema e a realidade	Planteanse novos problemas, a partir dun resolto variando os datos
---	--

.-CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

CC	DESCRITORES	DESEMPEÑOS
CCL	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Manexar elementos de comunicación non verbal ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas. - Compoñer distintos tipos de textos creativamente e con sentido literario. 	<ul style="list-style-type: none"> - Interpreta con precisión os datos dos problemas con distintos tipos de números. - Interpreta e traduce a linguaxe alxébrica os enunciados dos problemas. - Elabora as respostas a problemas e actividades respectando as normas gramaticais. - Le textos e enunciados e comprende o que neles se expresa. - Comunica aos seus compañeiros e compañeiras, de forma clara e ordenada, as súas propostas e ideas. - Comunica os seus resultados en textos escritos con corrección e riqueza de vocabulario e expresións. - Describe estruturas que son semellantes utilizando os seus coñecementos lingüístico, ortográfico e gramatical. - Parafrasea o escoitado e as instrucións recibidas expresándoas con palabras propias. - Posúe un ton de voz adecuado á situación comunicativa: exposición oral, traballo grupal, traballo por parellas, etc. - Realiza as descrições de elementos xeométricos de forma ordenada e utilizando os termos axustados. - Realiza comunicacións escritas de estudos estatísticos utilizando o seu coñecemento das normas lingüísticas, gramaticais e ortográficas. - Identifica e extrae os datos proporcionados en problemas de estatística e combinatoria formulados nas unidades correspondentes. - Describe o interese do ser humano por estudar as combinacións de forma creativa e orixinal. - Participa, escoita e achega respectuosamente as súas opinións en debates que se xeren sobre probabilidades de sucesos.

<p>CMC CT</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Expresarse con propiedade na linguaxe matemática. - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos. - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá. - Comprender e interpretar información presentada en formato gráfico. - Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...). 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza adecuadamente a linguaxe matemática para describir as características dos números racionais e irracionais. - Razona e explica a clasificación dos números e as operacións matemáticas aprendidas. - Resolve de forma eficaz as operacións con polinomios e os problemas de ecuacións empregando a estratexia máis adecuada. - Reproduce, utilizando terminoloxía matemática, os teoremas e as súas aplicacións. - Encontra os datos nos problemas de ecuacións e establece a ecuación de forma correcta. - Identifica e utiliza con precisión números, datos e gráficas para representar funcións básicas a partir de datos proporcionados. - Organiza datos en táboas para representalos posteriormente en gráficas. - Manexa coñecementos científicos e relaciónaos coas funcións estudadas na unidade. - Identifica e usa números, datos e gráficas para representar funcións. - Aplica os criterios de semellanza para comprender a súa importancia e o seu uso en situacións da vida cotiá. - Interpreta a información que achega a representación de figuras xeométricas e extrae os datos necesarios a partir delas. - Resolve problemas de trigonometría seleccionando os datos necesarios e utilizando a estratexia máis adecuada. - Recoñece a importancia do estudo estatístico para obter conclusións científicas importantes. - Razona a fiabilidade e a relación de variables en estudos bidimensionais e mostra os seus razoamentos con evidencias. - Manexa coñecementos de aparatos e relaciónaos co estudo estatístico e as súas variables. - Organiza a información para formular e resolver problemas de combinatoria. - Aplica a estratexia do diagrama de árbore cando é necesaria e selecciona outras estratexias dependendo das características do problema. - Argumenta de forma lóxica a imposibilidade de predicir sucesos independentes.
--------------------------	--	---

<p>CD</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Comprender as mensaxes que veñen nos medios de comunicación. - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Utilizar distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza a calculadora, aproveitando todas as funcións desta e manéxaa con habilidade para obter resultados en trigonometría, logaritmos, ... - Fai uso responsable das tecnoloxías nas unidades didáctica. - Interpreta con corrección o apoio visual para a realización de actividades do libro ou dos recursos web. - Recolle no seu caderno información procedente de diferentes medios tecnolóxicos. - Interpreta e utiliza datos provenientes de táboas, gráficos e enunciados. - Expresa por que tomou a información dunha determinada fonte. - Elabora traballos de forma individual ou grupal sobre a materia en formatos dixitais, expresando as súas conclusións a través de imaxes e debuxos. - Utiliza diversos recursos dixitais para ampliar e reforzar os contidos traballados. - Saca conclusións propias a partir de datos obtidos de medios tecnolóxicos. - Aplica os criterios de fiabilidade de estimacións para xulgar a fiabilidade de informacións transmitidas nas redes sociais e Internet. - Utiliza follas de cálculo para resolver problemas de combinatoria. - Utiliza cálculos probabilísticos como elemento para seleccionar fontes de información.
<p>CAA</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas. - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe. - Xestionar os recursos e as motivacións persoais a favor da aprendizaxe. - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional e interdependente. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, independente... 	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñece as súas fortalezas e limitacións en canto aos coñecementos de cursos anteriores necesarios para avanzar no estudo dos números. - Recoñece conexións entre as operacións con fraccións alxébricas e as fraccións numéricas. - Recoñece as aprendizaxes xa realizadas e é capaz de detectar os que lle faltan. - Organiza e distribúe os recursos e os tempos para o traballo individual e común. - Fai conexións entre contidos teóricos estudados e diversas situacións ordinarias da vida cotiá. - Valora os resultados de cada paso mentres realiza os exercicios de funcións. - Expresa as súas aprendizaxes valéndose de expresións artísticas, musicais, etc. - Verifica a exactitude dos resultados nas etapas intermedias da súa aprendizaxe e decide que cambios dar nos pasos seguintes. - Pon en marcha diferentes modos de afrontar as súas aprendizaxes. - Recoñece e aproveita en positivo as súas fortalezas e as súas debilidades. - Identifica os diferentes pasos que realizou para alcanzar os obxectivos. - Identifica en obras de arte, pintura ou arquitectura, aplicacións dos contidos de xeometría analítica estudados. - Identifica e utiliza os coñecementos e as estratexias de estatística aprendidos en cursos anteriores. - Imaxina e crea a partir do aprendido. - Desenvolve cálculos de probabilidade relacionados co deporte, a arte, a cultura... - Identifica estratexias que lle posibilitan a comprensión e a resolución de problemas de probabilidade

<p>CSC</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. - Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos establecidos. - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar a preocupación polos máis desfavorecidos e o respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo para a resolución de conflitos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza a calculadora, o seu propio material, o material da clase e o dos compañeiros e compañeiras con respecto e coidado. - Acepta e agradece as achegas das compañeiras e dos compañeiros de forma positiva no traballo cooperativo. - Colabora coas súas compañeiras e compañeiros nos traballos en grupo propostos polo profesor ou profesora. - Coñece e respecta cada membro do seu grupo. - Pide asumir roles nos traballos colaboradores de aula. - Traballa con criterios de colaboración, asumindo ideas diferentes ás propias. - Respecta os ritmos de aprendizaxe dos compañeiros e as compañeiras. - Analiza de forma crítica estudos estatísticos, de acordo coa mostra elixida e as conclusións obtidas, contrastándoas co seu propio xuízo. - Expresa preocupación por situacións de exclusión social. - Media en conflitos que aparecen entre os compañeiros e as compañeiras no traballo en grupo. - Diríxese ás súas compañeiras e compañeiros cunha linguaxe respectuosa.
-------------------	--	--

<p>CSIE E</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Ser constante no traballo superando as dificultades. - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Asumir riscos no desenvolvemento de tarefas ou proxectos. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais. - Encontrar posibilidades no contorno que outros non aprecian. - Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. - Asumir con responsabilidade social e sentido ético o traballo. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Coordínase cos membros do seu grupo de forma respectuosa, planificando adecuadamente os tempos para rematar as tarefas. - Mostra iniciativa ao organizar o seu traballo e ao propoñerse accións para alcanzar os obxectivos. - É constante e paciente na realización de operacións con fraccións alxébricas e propón diversas estratexias para a resolución de problemas de ecuacións. - Descubre conexións entre os coñecementos que xa posúe e os novos, e é capaz de xerar posibilidades de aplicación diverxentes. - Realiza as tarefas encomendadas polo seu grupo de traballo. - Marca os primeiros pasos que hai que dar nas tarefas de aula. - Achega distintas solucións aos problemas a partir dos seus coñecementos previos. - Cede nas súas propostas cando a maioría decide outras opcións. - Ten criterios propios de xuízo en situacións de bloqueo persoal ou grupal. - Ve con facilidade o lado positivo das cousas e asume riscos. - Coñece cales son as consecuencias das súas accións. - Pide axuda cando a necesita. - Identifica os seus erros e busca a forma de superalos. - Anima as súas compañeiras e compañeiros na realización de diferentes tarefas. - Ante demandas do contorno, toma a iniciativa e decide. - Actúa con autonomía mesmo en situacións complicadas.
<p>CCEC</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico. - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...) e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade, e gusto pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético. 	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica e valora as achegas das diversas culturas ao coñecemento e o estudo dos números. - Valora positivamente o coñecemento doutras culturas e as súas achegas á álgebra. - Mostra aprecio polas achegas das distintas culturas e desde as distintas épocas para o desenvolvemento das ecuacións. - Identifica algunhas obras como patrimonio cultural da humanidade. - Mostra interese e pregunta sobre outras culturas. - Apóiase en símbolos, imaxes e debuxos para expresar ideas e emocións. - Expresa interese por coñecer persoas doutras procedencias. - Reinterpreta obras significativas distinguindo os seus trazos singulares. - Identifica trazos culturais nas obras de arte e achegas á reflexión científica. - Elabora traballos sobre a materia con coidado e sentido estético.

• 6.-METODOLOXÍA

A materia de Matemáticas na Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá ao desenvolvemento e adquisición das competencias e dos obxectivos xerais de etapa, tendo en conta o que o alumno é capaz de facer, os seus coñecementos previos e a funcionalidade dos coñecementos adquiridos; é dicir, que poidan ser utilizados en novas situacións. Polo tanto, é moi importante contextualizar as aprendizaxes á resolución de problemas da vida real nos que se poden utilizar números, gráficos, táboas, etc., así como realizar operacións, e expresar a información de forma precisa e clara.

Nesta etapa, a resolución de problemas ocupa un lugar preferente no currículo como eixo do ensino e aprendizaxe das matemáticas. As estratexias de resolución e as destrezas de razoamento son contidos transversais a todos os bloques de contidos. Ademais, permiten traballar e integrar coñecementos de varios bloques ou de distintas materias. Desde todos os bloques haberá que abordar a planificación do proceso, as estratexias e técnicas da resolución de problemas ou a confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas para enfrontarse a situacións novas. Os problemas deberán partir do nivel de coñecementos dos alumnos e as alumnas e irase graduando a súa dificultade ao longo da etapa.

A metodoloxía que imos poñer en xogo ao longo deste curso aséntase nos seguintes principios:

- Motivación: ao alumno hai que atraélo mediante contextos próximos, presentarlle situacións que entenda e lle resulten significativas.
- Foco na aplicación e utilidade que as matemáticas teñen na vida cotiá dos alumnos, sen prescindir do rigor que require a materia.
 - Relevancia das competencias en matemáticas e da competencia matemática.
- Aprendizaxe activa e colaborativa: a adquisición e aplicación de coñecementos en situacións e contextos reais é unha maneira óptima de fomentar a participación e implicación do alumnado na súa propia aprendizaxe. Unha metodoloxía activa ha de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.
- Peso importante das actividades: a extensa práctica de exercicios e problemas afianza os coñecementos adquiridos e permite ao profesor detectar (e liquidar) calquera lagoa de aprendizaxe.
 - Integración das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.

- Atención á diversidade de capacidades e intereses: isto implica unha metodoloxía de ensino na que a clave é garantir o avance seguro, o logro paso a paso. Evitando lagoas conceptuais, competencias insuficientemente traballadas e, en definitiva, frustracións por non alcanzar cada alumno, dentro dos principios de atención individualizada e educación inclusiva, todo aquilo de que é capaz. O que implica atender non só a quen máis axuda necesita senón tamén aos alumnos con maior capacidade e interese por ampliar coñecementos.

Será preciso traballar con técnicas de aprendizaxe cooperativa en pequenos grupos e con materiais que permitan distintos graos de profundización e actividades abertas. Os métodos teñen que ser diversos, tendendo sempre a propostas metodolóxicas que impliquen activamente ao alumnado. En ocasións, a utilización de distintos medios tecnolóxicos pode facilitar a aprendizaxe de forma autónoma e permitirá traballar a niveis diferentes segundo as capacidades dos alumnos e as alumnas, mellorando deste xeito a atención á diversidade.

Materiais didácticos

Co obxectivo de poñer en práctica os principios metodolóxicos, seleccionamos un conxunto de materiais didácticos que responden a nosa formulación. Estes materiais son os que compoñen libro da editorial Anaya para Matemáticas orientadas as ensinanzas Aplicadas de 4º ESO.

